EMENDAS DO GRUPO MUNICIPAL DE VECIÑANZA AO PROXECTO DE ORZAMENTOS MUNICIPAIS 2019 E PROPOSTAS DE INVESTIMENTO

Ao Sr. Alcalde de Cuntis

Saleta Fernández de la Torre e Santi Martínez López, na nosa condición de concelleiros do Grupo Municipal de Veciñanza, ao abeiro do disposto no Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais

EXPOÑEMOS

Recibida a proposta de Orzamentos Municipais de Cuntis para o ano 2019, o Grupo Municipal de Veciñanza non pode máis que valoralo politicamente como un documento de trámite, que carece un ano máis dunha aposta decidida por acometer as transformacións que o noso municipio precisa cada vez con máis urxencia.

No exercicio dunha posición de responsabilidade na Corporación Municipal, Veciñanza non desiste de facer novas propostas apelando á receptividade necesaria que un Goberno en minoría debera presentar. É por iso que, de novo, volvemos facer achegas á proposta de Orzamentos para, na medida do posible, trazar as liñas básicas do que sería o desenvolvemento que Cuntis necesita.

[SANEAMENTO]
Se ben apreciamos e recoñecemos avances en materia de saneamento do rural, entendemos que acadar o 100% de cobertura do territorio nesta materia debe ser unha prioridade. En exercicios anteriores este grupo municipal xa propuxera afrontar politicamente e dotar orzamentariamente este obxectivo. Tanto a implantación como o mantemento das infraestruturas necesarias deberan gozar, na nosa opinión, dun esforzo inversor moito maior.

Consideramos insuficiente a dotación da partida "*22199. Alcantarillado. Mantemento de d depuradoras no rural*".

[INSTALACIÓNS DEPORTIVAS]
As instalacións deportivas do Concello de Cuntis dispoñen dunha Ordenanza de Uso que non foi publicitada debidamente por parte desta administración. Carecen, ademais, dunha serie de equipamento que vén sendo demandado por usuarios/as. É, xa que logo, en opinión deste grupo municipal, unha necesidade mellorar neses dous ámbitos, tanto no relativo á xestión do uso como da ampliación de posibilidades para os/as deportivas.

Consideramos insuficiente a dotación da partida "*62900. Instalacións deportivas. Investimentos asociados ao funcionamento dos servizos*".

[COMERCIO LOCAL]
O comercio local representa nunha vila coma Cuntis, ademais dun sector económico de vital importancia, un dinamizador indispensable das rúas. Nesta materia, a acción de Goberno durante esta lexislatura vén sendo practicamente nula. É precisa unha colaboración activa permanente co sector, o desenvolvemento de campañas de dinamización e apoio así como iniciativas que poñan en valor a importancia do sector e animen e faciliten a compra no ámbito local. A partida orzamentaria que o Goberno Municipal vén destinando a este sector, ademais de ser escasa, queda relegada á pura subvención, sen propoñer alternativa ningunha dende o Grupo de Goberno.

Consideramos insuficiente a dotación da partida "*22609. Comercio. Outros gastos diversos*".

[CASCO URBANO]
En exercicios anteriores, Veciñanza ten proposto a elaboración dun Plan de Mantemento e Conservación do Casco Urbano. Baixo a premisa de que o casco histórico de Cuntis é un atractivo turístico de primeira orde, e co obxectivo de que a súa aparencia reforce ese potencial, consideramos que a reforma tanto funcional como estética dos elementos e mobiliario urbano necesita unha fonda revisión.

Consideramos insuficiente a dotación da partida "*62500, Administración Xeral de Infraestruturas. Mobiliario urbano*".

[TURISMO]
O desenvolvemento turístico de Cuntis e a aposta decidida por convertelo nun sector económico de importancia no noso municipio é unha aposta que non se acometeu coa suficiente determinación. Faltou iniciativa e capacidade para pensar unha estratexia a medio prazo e a súa correspondente plasmación nun plan detallado e suficientemente dotado economicamente. Non é posible facer unha aposta por este sector coas limitacións orzamentarias que vén amosando este Grupo de Goberno (e o anterior) nesta materia.

Consideramos insuficiente a dotación da partida "*22699. Información e promoción turística. Gastos diversos*".

O proxecto de Orzamentos Municipais para o ano 2019 presenta evidentes carencias en materia de investimentos reais. Non ignoramos que este apartado é absolutamente dependente das subvencións e axudas que poidan prestar outras administracións de ámbito superior. En Cuntis, como vén sendo habitual, os investimentos de maior relevancia realizaranse con cargo ao Plan Concellos de Deputación de Pontevedra.

Por isto, as nosas propostas de investimentos reais van tamén ligadas ao gasto que permita a transferencia do Plan Concellos 2019. Neste sentido, temos que reiterar as xa presentadas e non atendidas en ocasións anteriores.

[REHABILITACIÓN DO EDIFICIO DO MATADOIRO VELLO]
Esta proposta fora presentada no ano 2018, pero desgraciadamente non foi tomada en consideración. Entendemos que establecer liñas de futuro implica plantexar apostas ambiciosas no presente. O actual estado deste inmoble é de abandono absoluto. A súa ubicación permite pensar nun proxecto de carácter cultural – patrimonial que potencialmente sexa referente turístico dun sector a impulsar na nosa vila. Propoñemos unha exposición exposición permanente adicada a recrear a vinculación histórica entre Cuntis e a pedra, con especial atención aos nosos canteiros así como cos seus e coas súas protagonistas. Un centro de interpretación e musealización que nos explique a liña continua que nos leva dende os achados de Castrolandín ata os nosos días.

[MELLORA DA ACCESIBILIDADE DOS ESPAZOS PÚBLICOS]
En xaneiro de 2016 aprobábase no pleno municipal unha moción presentada por Veciñanza relativa a este asunto. É unha obriga legal (*Ley 8/2013,de 26 de junio de rehabilitación, regeneración y renovación urbana*) que fixaba no pasado 4 de decembro de 2017 a supresión de toda barreira arquitectónica en espazos públicos.

[PUNTO DE INFORMACIÓN E ASESORAMENTO EN MATERIA FORESTAL]
Execución do acordo plenario de setembro de 2017

[ORZAMENTOS PARTICIPATIVOS]
Elaboración dun procedemento serio e rigoroso capaz de canalizar as demandas veciñais, que conte coa axilidade e a publicidade precisas e que estea dotado con, cando menos, a mesma cantidade que en exercicios anteriores.

SOLICITAMOS
Que se teña por presentado este documento e sexa tomado en consideración o seu contido para o debate na elaboración dos Orzamentos Municipais.

Cuntis, 22 de xaneiro de 2019

Saleta Fernández de la Torre

MARTINEZ LOPEZ SANTIAGO - 77406661T

Firmado digitalmente por MARTINEZ LOPEZ SANTIAGO - 77406661T
Fecha: 2019.01.22 13:11:58 +01'00'

Santi Martínez López